



INFORMACIÓN BÁSICA PARA ALUMNADO E FAMILIAS SOBRE PROCEDEMENTOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

1.- Criterios de cualificación do alumnado.

a) Nota de cada avaliación. Instrumentos e procedementos de avaliación

Haberá unha sesión de avaliación inicial, 3 sesións de avaliación parcial e unha avaliación final que se realizara a partir do 21 de xuño.

a) Procedemento para a avaliación inicial: Nas primeiras semanas do curso, realizarase un cuestionario acerca das competencias adquiridas no curso anterior.

b) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é **continua, formativa e integradora**. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, **o que serve de recuperación**.

c) Cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas poderán establecerse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten.

d) Levaranse a cabo **probos e tarefas** de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas.

- Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc.
- Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual a disposición do alumnado.

c) As probas e tarefas valoraranse de 0 a 10 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da unidade didáctica segundo as súas particularidades.

e) A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación:

1º TRIMESTRE: 30%

2º TRIMESTRE 30%

3º TRIMESTRE 40%

f) A cualificación de cada unidade didáctica obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade.

g) O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

1. A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser **igual ou superior a 5**.
2. Ter entregado **todas** as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

h) A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

b) Procedemento para a recuperación de avaliacións non superadas

Dado o carácter da aprendizaxe da materia (que supón unha ampliación continua dos coñecementos da lingua francesa sen esquecer o aprendido previamente), aplícase unha avaliación continua, o cal implica que no exame de cada unidade entrarán os conceptos das unidades anteriores. Polo tanto, **o alumnado que non supere unha avaliación poderá recuperala se na seguinte avaliación obtén unha cualificación igual ou superior a 5**. Nas últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

c) Nota final do curso

Como xa mencionamos, os contidos impartidos nunha avaliación serán obxecto de exame en probas posteriores, debido ao carácter acumulativo dos coñecementos nesta materia.

Unha vez aplicados os criterios de avaliación e cualificación xa enumerados e seguindo os procedementos de corrección dispostos, consideraremos que **o alumnado superará a materia en xuño cando o resultado** das probas obxectivas sobre a totalidade dos contidos expostos, máis a valoración do traballo na clase, actitude, comportamento, deberes,... **sexa igual ou superior a un 5**.

2.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación do alumnado coa materia pendente (de habelos).

Neste curso non hai alumnado coa materia pendente do curso previo, polo que non proceden actuacións neste sentido.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Copiado de exame:

No caso de comprobar que un/ha alumno/a copiou durante un exame, anularase a proba e terá que repetila na seguinte sesión. Daremos conta do incidente ó seus titores legais.

Asistencia a exames:

No caso de non asistir a algunha proba avaliabile, o alumno ten que realizala na seguinte clase a partir da súa incorporación e sen previo aviso. O alumno ten que achegar un xustificante válido da falta.

Prazos de entrega de traballos:

Non se recollerá ningunha tarefa ou traballo fóra de prazo salvo que sexa xustificado por faltar a clase e presentando un xustificante válido.

Asdo.: Isabel Luna Fernández

Xefa do Departamento de Francés